

OBRADOIRO CON DOCENTES E FAMILIAS

# TECNOLOXÍA, CONVIVENCIA E ADICCIÓNS. CLAVES PARA EDUCAR.

**ANTONIO RIAL BOUBETA**



**DATA:** 21 de abril de 2022

**LUGAR:** Salón de actos do IES EDUARDO PONDAL DE PONTECESO.

**HORA:** De 17:00 a 19:00

**INSCRIPCIÓN:** enviando correo a

[convivenciaponteceso@gmail.com](mailto:convivenciaponteceso@gmail.com)



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21-22



## ADOLESCENTES, TECNOLOXÍA, CONVIVENCIA E ADICCIÓNS. CLAVES PARA EDUCAR NA ERA DIXITAL

Educар nestes días non é tarefa doada. Ao coñecido problema do botellón únese agora o *Imperio do Selfie* e a *Tiranía de Instagram*, a Adicción a Internet e as TIC, así como un sen fin de condutas de risco na Rede, que en ocasións non acadamos sequera a pronunciar (*sexting, grooming, cyberbullying...*). Non é esaxerado afirmar que teléfonos móbiles e tablets son hoxe en día as principais fontes de conflito familiar. De maneira particular, o uso dos videoxogos, o xogo *online* ou as polémicas apostas deportivas están traendo consigo non poucos desgustos a cada vez máis adolescentes e, por extensión, ás súas familias. Mais alá das innegables potencialidades que o xogo posúe como ferramenta de aprendizaxe, o certo é que nunha sociedade como a nosa, onde a industria do videoxogo supera en volume de facturación á música, o cine e o teatro xuntos, o risco de ludopatía está aumentando a pasos axigantados, sen que pais e educadores saibamos ben cómo reaccionar. Os expertos estiman que hoxe en España 2 de cada 3 adolescentes teñen como principal hábito de ocio os videoxogos, que mais alá dos cuantiosos beneficios económicos que xeran, rematan por “enganchар” literalmente a miles de adolescentes. O mesmo pasa coas webs de apostas e xogos de azar, un negocio monstruoso que non para de medrar. Aínda que para os menores constitúe unha práctica ilegal, estímase que tan só no último ano en Galicia apostaron cartos na Rede máis de 10.000 adolescentes, cifra que se duplica no caso das apostas deportivas en bares ou cafeterías. A nosa reacción habitual é preguntarnos qué teñen na cabeza os nosos fillos, pero non menos importante é preguntarnos en qué podemos estar fallando as familias e a Administración, e cal é a deriva que estamos tomando como sociedade.

Na **charla-coloquio do vindeiro día 21 de abril**, que se celebrará no **IES EDUARDO PONDAL DE PONTECESO**, ás **17:00** horas, o profesor Antonio Rial Boubeta da USC, poñerá sobre a mesa datos reveladores ao respecto e, ao mesmo tempo, reflexionará connosco sobre algunhas claves para que tanto nais e pais, como educadores sexamos quen de afrontar no día a día esta nova problemática.

### Dr. ANTONIO RIAL BOUBETA



Doutor en Psicoloxía Social e Profesor Titular da Universidade de Santiago de Compostela. Director técnico da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e experto en metodoloxía de investigación en ciencias sociais e da saúde. Autor de mais dun cento de artigos en revistas científicas de impacto internacional, director dunha vintena de teses de doutoramento e responsable de numerosos proxectos de investigación do eido da mocidade, dende o Uso problemático de Internet, as redes sociais ou o *cyberbullying*, ao consumo de alcohol e as adiccions sen substancia. En 2010 foi coordinador do primeiro estudo de “*Adolescentes e Internet en Galicia*”, realizado polo Valedor do Pobo e a Consellería de Educación, que continuou en 2014 co

estudio “*Mocidade OnLine*”, cuxos resultados foron publicados en revistas de internacionais de máximo nivel, como *Cyberpsychology* ou *Computer sin Human Behavior*. Dirixiu en 2019 un dos maiores estudos realizados en España sobre o problema do Xogo Online en menores, publicado no prestisioso *Journal of Gambling Studies*. É coautor do libro “*Adolescentes y NuevasTecnologías: una responsabilidad compartida*”, así como do libro “*Entre selfies y whatsapps. Oportunidades y riesgos para la infancia y la adolescencia conectada*”, elaborado por expertos europeos do proxecto *EU Kids Online*. É colaborador habitual de diferentes medios de comunicación, tanto prensa, como radio e TV. Foi o encargado de elaborar o material docente do curso de formación que actualmente ten o ConsejoGeneral de la Psicología de España sobre o Uso Problemático de Internet na adolescencia; docente tamén no curso de Adiccions Tecnolóxicas, da Consellería de Sanidade, no que cada ano se forman psiquiatras, pediatras e psicólogos; no Curso de Prevención, Detección e tratamento do Acoso Escolar e o Ciberacoso, da Consellería de Educación, para mestres e orientadores de toda Galicia; así como de diferentes cursos que actualmente se imparten na Academia Galega de Seguridade Pública, para as Forzas e Corpos de Seguridade. É tamén investigador do *Anti-Bullying Research and Resource Centree* membro do Alto Comisionado da UNESCO para a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso. Responsable técnico da avaliación do último Plan de Trastornos Aditivos de Galicia. Forma parte do grupo de expertos que asesorou á Xunta de Galicia na elaboración da nova Lei do Xogo. Actualmente dirixe un proxecto de investigación financiado polo Plan Nacional sobre Drogas para a detección e intervención precoz nas adiccions con e sen substancia e, paralelamente, ven de coordinar o *Estudo sobre o impacto da tecnoloxía na adolescencia*, levado a cabo por UNICEF-España cunha mostra de mais de 50.000 estudantes de secundaria, que é a día de hoxe un dos traballos científicos de maior envergadura feitos en Europa sobre o tema.